

Revisado o cadro de reparto do número de representantes elixibles polo sector alumnado nos consellos de Departamento no proceso electoral en marcha en virtude de convocatoria de 27 de novembro de 2020, detectouse erro no cálculo global do 10% da súa representatividade e da súa distribución entre os subsectores 1º-2º ciclo e 3º ciclo.

Consonte ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón que *as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,*

Polo exposto, esta SECRETARÍA XERAL

## **R E S O L V E**

emendar o erro detectado, de xeito que a táboa excel remitida no seu momento sexa substituída pola que agora se achega, para os efectos oportunos de cara as eleccións.

Vigo, 22 de xaneiro de 2021

O Secretario Xeral

Miguel Ángel Michinel Álvarez